



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MOECHE

*Aprobación das bases da convocatoria de axudas en materia de educación do Concello de Moeche, curso 2024-2025*

### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2025 prestou a súa aprobación as bases da convocatoria de axudas en materia de educación do Concello de Moeche, curso 2024-2025 que se transcriben de seguido:

### **Bases da convocatoria de axudas en materia de educación do Concello de Moeche, curso 2024-2025**

#### **Primeira.-Obxecto da convocatoria**

É obxecto da presente convocatoria de axudas favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Moeche mediante a concesión de axudas aos estudantes do termo municipal para a realización de actividades **relacionadas coa formación e desprazamentos por motivo de estudos**.

#### **Segunda.-Destinatarios/as e requisitos**

Para ser beneficiario/a destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Para solicitar as axudas para realización de **actividades relacionadas coa formación** será preciso

- Que o alumno/a para o que se solicite a axuda estea cursando estudos no centro público de Educación Infantil e Primaria do Concello de Moeche ou estudos de ESO, Bacharelato, Formación Profesional, Universidade, ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño en calquera centro de ensino público.
- O alumnado cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio poderá solicitar a axuda para asistencia a un centro de educación especial, aínda que non estea localizado no Concello.

Quedan excluídos da presente convocatoria, os estudos postgrao.

b) Para a solicitude de **axudas de desprazamentos por motivo de estudos** será preciso

- Que o alumno/a para o que se se solicite a axuda estea cursando estudos en calquera centro público de: Bacharelato, Formación profesional, Universidade, ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño. O alumnado cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda de transporte para asistencia a un Centro de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.
- Que o/a alumno/a para o que se solicite a axuda non supere os 25 anos de idade e que non perciba ingresos económicos procedentes do traballo.
- Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base quinta da presente convocatoria.
- Estar empadroadas/os no Concello de Moeche polo menos un dos pais ou titores legais así como os/as alumnos/ as para os que se se solicite a axuda. No caso en que o alumno sexa maior de idade será suficiente con que estea empadroado no Concello o estudante que solicita a axuda.

Este requisito non será esixible no caso de alumnos ou alumnas que estuden no CEIP San Ramón e pertencen a concellos limítrofes.

- Estar matriculado no curso completo dos estudos que se realizan, agás no caso de cursar estudos universitarios, de ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño, nese caso será necesario estar matriculado de, polo menos, 30 créditos do curso correspondente.

No caso de estudos postobrigatorios, ter superado no curso 2023-2024, polo menos, o 50% de materias oficiais correspondentes.

- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Terceira.-Solicitudes e documentación necesaria**

a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como anexo I. Poderán obterse nas oficinas municipais e na paxina web municipal [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal) e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello de Moeche.

b) No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que opten a estas axudas deberán de presentar unha solicitude individualizada por cada un dos alumnos/as que opten a elas.

c) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentaranse a seguinte documentación:

- Fotocopias compulsadas do DNI do solicitante e do alumnado beneficiario.
- Fotocopia compulsada do libro de familia en que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Certificado de empadramento colectivo.
- Certificado de conta bancaria, expedido pola entidade bancaria a nome do/a solicitante.
- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2023 de todas as persoas que convivan co estudante no domicilio familiar. En caso de non estar obrigada a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación, liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto na base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar.
- Certificado da matrícula ou informe expedido polo centro educativo que acredite a condición de alumno/a. No caso de estudos universitarios deberá especificar o número de créditos do que esta matriculado o alumno e si se trata de primeira matrícula ou posterior
- Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvención públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, **non ter débedas co Concello de Moeche** e autorización ao Concello de Moeche para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo anexo II. O Concello poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada e calquera outra necesaria para a valoración da solicitude.
- No caso dos estudos postobrigatorios.- Certificación acreditativa das cualificación obtidas no curso 2023-2024.
- Declaracións responsables según anexos III, IV

**Cuarta.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes**

A solicitude presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Moeche, de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou na sede electrónica do Concello [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal)

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

**Quinta.-Contía das axudas**

O Concello de Moeche aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases nos seguintes importes por alumno/a e curso, segundo a renda per cápita familiar no ano 2023 e no previsto na base 6ª da presente convocatoria.

En caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un deles, segundo o establecido nesta convocatoria.

-Axudas para a realización de actividades relacionadas coa formación:

Ensino	Renda per capita <8.000€	Renda per capita entre 8.000 e 10.000€
Educación infantil	200€	150€
Educación primaria	250€	175€
ESO e PCPI	250€	175€
Bacharelato e ciclos formativos	300€	250€
Universidade e estudos superiores	400€	275€
Educación especial	250€	150€

- Axudas por desprazamentos por motivo de estudos:

Distancia	Renda per capita <8.000€	Renda per capita entre 8.000 e 10.000€
Ata 35 quilómetros	225€	175€
Máis de 35 e ata 100 qm	275€	200€
Máis de 100 qm	325€	250€

#### Sexta.-Valoración das solicitudes

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2023. A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor.
- Os/as fillo/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tivesen un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2023.
- Igualmente entenderase que forma parte da unidade familiar calquera outra persoa, con relación de parentesco que conviva no mesmo domicilio reflectido no certificado empadramento.
- En caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine aquela, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- En caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

A base imponible virá determinada pola renda per cápita anual da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (cadro 435) coa base imponible do aforro (cadro 460), do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Excepcionalmente, se a unidade familiar alega unha diminución dun 20% ou máis dos seus ingresos durante máis de catro meses consecutivos e se mantivesen na data de inicio do prazo de solicitudes fronte aos ingresos declarados na declaración do IRPF 2023, poderán achegar esta documentación xustificativa da dita circunstancia para que se teña en conta na valoración.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles os datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

#### Sétima.-Importe máximo e crédito orzamentario

O importe total para axudas para a realización de actividades relacionadas coa formación e desprazamentos por motivo de estudos ascende a 9.000,00 € e levarase a cabo mediante a tramitación de gasto que se imputará ao crédito prorrogado do exercicio 2025 na aplicación orzamentaria 326 48000.

No caso de que á vista das solicitudes presentadas dentro do prazo previsto e unha vez revisadas polos servizos do Concello, se poña de manifesto que estas superan o importe total sinalado no parágrafo anterior, poderase ampliar o crédito previsto para financiar as devanditas axudas ata o límite máximo de 15.000,00€ sen necesidade dunha nova convocatoria. A concesión das axudas neste caso, quedará condicionada á dotación do crédito no orzamento por algún dos trámites legalmente posibles para esa finalidade (modificación orzamentaria, aprobación en créditos iniciais do orzamento, etc.)

En caso de que as solicitudes aprobadas superen o importe máximo de gasto previsto no parágrafo anterior, procederase a reducir a contía asignada a cada categoría na porcentaxe correspondente, tendo en conta que en ningún caso a suma das axudas concedidas poderá superar o límite establecido de 15.000,00 €.

**Oitava.-Do procedemento de concesión das axudas**

- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas polos servizos sociais municipais conforme cos criterios establecidos na base 6ª.
- A Xunta de Goberno, aprobará, con base o indicado informe a relación provisional dos estudantes do termo municipal beneficiarios das axudas para realización de actividades relacionadas coa formación e desprazamentos por motivo de estudos.
- A aprobación desta relación provisional publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal) así mesmo notificaráselles persoalmente a aquelas persoas a que se lles denegou a axuda, abríndose un prazo de 5 días, para presentación de reclamacións, no caso daquelas persoas os que lle fose denegada a axuda o prazo de presentación de reclamacións empezará a contarse dende o día seguinte o da recepción da notificación da resolución
- No caso de que non se presenten reclamacións no período indicado entenderase aprobada definitivamente a relación ata ese momento provisional, en caso contrario os servizos sociais, unha vez examinadas as alegacións presentadas emitirán unha proposta definitiva e de seguido será aprobada por esta Xunta de Goberno

**Novena.-Obrigas das persoas beneficiarias**

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

- Seguir as directrices que se marcan nas presentes bases e destinar o importe da axuda na súa integridade os gastos subvencionados.
- Cooperar co Concello de Moeche en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.
- As establecidas para os beneficiarios no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décima.-Compatibilidade das axudas**

As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen os gastos subvencionados, de conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Disposición adicional** As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Moeche, 30 de xaneiro de 2025

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras

**ANEXO I****SOLICITUDE DE AXUDAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE, CURSO 2024-2025**

## · DATOS DO/A ALUMNO/A

Apelidos e nome
Enderezo completo
Telefono
NIF
Correo electrónico
Apelidos e nome do pai, nai e/ou titores/as legais
DNI do pai, nai e/ou titores/as legais

## · TIPO DE AXUDA

Centro de estudos:
Estudos que realiza no curso 2024-25 (marque cun X)

- Educación infantil
- Educación primaria Curso:
- ESO- PCPI Curso:
- Bacharelato ou ciclos formativos
- Universidade
- Ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño
- Educación especia

**Marque cun X a axuda que solicita:**

- Realización de actividades relacionadas coa formación
- Desprazamentos por motivo de estudos

**Documentación achegada coa solicitude**

- Fotocopia do DNI do solicitante
- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Declaración responsable segundo o anexo III.
- Declaración responsable segundo o anexo IV.
- Certificado de empadramento colectivo
- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2023, dos proxenitores ou titores/as legais, así como dos membros da unidade familiar aos efectos das axudas; ou copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria
- Certificado da matrícula ou informe expedido polo centro educativo con detalle do número de créditos no caso de estudos universitarios
- No caso dos estudos postobrigatorios.- Certificación acreditativa das cualificación obtidas no curso 2023- 2024.
- Certificado de conta bancaria, expedido pola entidade bancaria a nome do/a solicitante

**·Outra documentación:**

Para os efectos do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), o/ a asinante autoriza o tratamento dos datos persoais (incluíndo a súa incorporación nos correspondentes ficheiros) incorporados na solicitude e noutros documentos normalizados relativos á xestión deste expediente, para a finalidade para a que se utiliza o tratamento dos seus datos e para a xestión da súa solicitude e darlle cumprimento á normativa aplicable.

A/O asinante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativo a este tratamento do que e responsable o Concello de Moeche, nos termos da normativa vixente.

Moeche, de de 2025

Sinatura do/a solicitante

Alcaldesa do Concello de Moeche

**Anexo II****Autorización para que o Concello de Moeche poida solicitar datos á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento de obrigas tributarias**

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Moeche a solicitar da Axencia estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión da convocatoria de axudas os estudantes do termo municipal para a realización de actividades relacionadas coa formación e desprazamentos por motivo de estudo

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a s. renda das persoas físicas do exercicio 2023 e do cumprimento das súas obrigas tributarias.

- Datos da persoa solicitante da axuda detallada que outorga a autorización

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

- Datos doutros membros da unidade de convivencia da persoa solicitante cuxos ingresos son contábeis para o recoñecemento, seguimento ou control da axuda (Só maiores de 18 anos)

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

NOTA.–A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Moeche .

Para os efectos do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de Datos Persoais (LOPD), consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que e titular o Concello de Moeche poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Moeche, San Ramón s/n , 15563 Moeche (A Coruña).

Consinto ademais que os meus datos lles sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo/axuda solicitado.

Moeche, de de 2025

Sinatura do solicitante

Alcaldesa do Concello de Moeche

**ANEXO III****Declaración responsable**

Nome e apelidos \_\_\_\_\_, con NIF/pasaporte \_\_\_\_\_,  
pai, nai, titor/a do/a alumno/a \_\_\_\_\_,

Declaro:

- 1.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

**Autorizo** ao Concello de Moeche para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2024/2025.

Moeche, de \_\_\_\_\_ 2025

Sinatura do solicitante

Para os efectos do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais (LOPD), o/a asinante autoriza o tratamento dos datos persoais (incluíndo a súa incorporación nos correspondentes ficheiros) incorporados na solicitude e noutros documentos normalizados relativos á xestión deste expediente, que a finalidade para a que se utiliza o tratamento dos seus datos e para a xestión da súa solicitude e cumprir a normativa aplicable. A/O asinante poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativo a este tratamento do que e responsable o Concello de Moeche, nos termos da normativa vixente

Alcaldesa do Concello de Moeche

**ANEXO IV****Declaración responsable sobre percepción doutras axudas**

Nome e apelidos

, con DNI

**declaro** de forma responsable os seguintes extremos: NON solicitei e/ou me concederon outras axudas para o mesmo concepto. Solicitei e/ou me concederon outras axudas

para o mesmo concepto.

Tipo de axuda	Organismo que a concede	Contía concedida en euros

Asino a presente declaración en

Moeche, de de 2025

Para os efectos do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), o/a asinante autoriza o tratamento dos datos persoais (incluíndo a súa incorporación nos correspondentes ficheiros) incorporados na solicitude e noutros documentos normalizados relativos á xestión deste expediente, que a finalidade para a que se utiliza o tratamento dos seus datos e para a xestión da súa solicitude e cumprir a normativa aplicable. A/O asinante poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativo a este tratamento do que e responsable o Concello de Moeche, nos termos da normativa vixente.

Alcaldesa do Concello de Moeche

2025/602